

Actividades

EXPOSICION ITINERANTE ENERXIAS E MEDIO AMBIENTE

Os alunos e alunas de 2º de BUP do I.B. Xelmirez I de Compostela teñen preparado, dentro do proxecto Sócrates, unha exposición de 26 carteis sobre o tema de enerxia e medio ambiente, con dobre finalidade didáctica e divulgativa. Esta será a primeira dunha serie sobre Resíduos, Auga Biodiversidade, etc. A exposición abarca aspectos moi variados do tema: tipos de enerxias, cambio climático, impactos, enerxias renováveis..., e cada cartel vai acompañado dunha ficha explicativa.

Inaugurada xa na Facultade de Bioloxía de Santiago, pretende-se agora que sexa itinerante por toda Galiza. Oferta-se a grupos ecoloxistas, centros de ensino, asociacións culturais, etc.

As persoas interesadas na exposición podedes detallar as condicións do prestamo pondo-vos en contacto co Taller Ambiental A Curuxa, no I.B. Xelmirez I, Poza de Bar s/n, 15705-Santiago (Tel. 981-584321 e Fax. 981-584533).

O LIXO NO NOSO ENTORNO. EXPOSICIÓN

Un grupo de rapaces e rapazas do Coléxio de Ensino Primario de Tarrío están a desenrolar un traballo sobre O lixo no noso entorno, que incluíu xa dous informes remitidos no seu momento ao concello e difundidos na rádio local e na revista do coléxio. O traballo inclúe agora unha exposición sobre o tema. O obxectivo é difundir a voz de alarma para que todos os estamentos, entidades, asociacións e persoas tomemos conciencia dun problema que nos afecta e comece-mos a facer algo máis.

O traballos e a exposición centraron-se nos puntos de lixo e contentores na maior parte das parroquias do concello de Culleredo. A exposición consta de seis bloques informativos: 1) Como se organizou o traballo, incluíndo os dous informes azul e rosa; 2) Catro expositores, cun total de 82 fotografías; 3) A reciclaxe; 4) Qué podemos facer nós?; 5) Subxerencias e opinións 6) Outras informacións.

C.E.P. Tarrío-Culleredo.

PREMIOS LOBO DE CINEMA

O coruñés Ramiro J. Freire gañou o premio Lobo de Cinema polo traballo Os novos hóspedes, que denuncia a colonización e contaminación do entorno natural pola introdución de especies foráneas e exótica, á través dun percorrido que fai o director por toda a xeografía da península Ibérica, desde os Pirineus a Xibraltar e de Euskadi á Galiza.

Por outra banda, o director Chema Gago recibiu a mención especial do Lobo de Cinema ao mellor traballo de dramatización nun entorno natural pola curtometraxe Isolina do Courel, rodada na Serra do Courel na que narra a historia dun amor no tempo da emigración.

O Lobo de Cinema consiste nunha escultura do artista lugués Lomartí, que reproduce en pedra unha cabeza de lobo de 12 quilos de peso. Convoa-se anualmente polo cineclubes chantadino Os Papeiros, de forma paralela este ano á organización das novenas xornadas Semana do Cinema e Medio Ambiente, asentando-se con prestíxio como referencia na Galiza do audiovisual vinculado á defensa do medio ambiente

S.O.S. Courel

CLUBE AMIG@S DO COUREL, O CLUBE DA COURELIÑA

A Plataforma S.O.S. Courel ven desenrolando diversas actividades que tentan amosar unha imaxe do Courel en positivo que divulgue entre os escolares e o resto da sociedade a importancia ecolóxica, social, histórica, cultural, etnográfica da Serra do Courel e faga un chamamento á súa protección. Entre estas actividades, a Plataforma dirixiu-se aos centros escolares da comarca do Courel para que debuxaran unha mascota, a imaxe dunha nena do Courel. De entre perto dun cento de debuxos, foi escollido o dunha nena do coléxio de Quiroga (Tania Maria Fernández Cruz), para ser Coureliña, a mascota da Plataforma.

Coureliña deu orixe ao clube Amigos do Courel, o clube da Coureliña, un clube dirixido a todos os centros escolares da Galiza e terras limítrofes. Para conquistar o carnet do clube, aos nenos e nenas deben debuxar a coureliña nas súas vilas, praias, montes ou cidades, propondo ideas, actividades, contos, etc sobre a serra do Courel e a súa protección. As nenas e nenos que participen recibirán ademais do carnet personalizado, o adhesivo da Coureliña e información periódica sobre as actividades do clube.

Entre estas actividades está a exposición dos debuxos en centros ensolares de toda Galiza, así como outras actividades lúdico-pedagóxicas: contos, cancións, teatro, xogos... coa Coureliña como protagonista. Os debuxos que remitan os nenos e nenas desde os diferentes puntos da Galiza serán expostos á súa vez nas ecolas do Courel, como intercambio enriquecedor. Polo de agora xa teñen participado alumnos/as de Mugaros, Castropol, O Pindo, Vilalba, Lancara, Portosin, A Cañiza, Salceda e Fonsagrada.

Animadevos, debuxade a vosa Coureliña e remitídea a Papaventos E.A. Apdo. 35, Cantada.

Plataforma S.O.S. Courel

"Coureliña"
A nina do Courel

"Lor"
O lobiño



¡COIDA A NATUREZA!

PLATAFORMA "S.O.S." COUREL

"Clube Amigos do Courel"

Nome ADEGA

"CERNA"

Enderezo GALIZA



"...Coidar a natureza
e tarefa de todos"

Coureliña

S.O.S. Courel